

ESCOLAS ABERTAS 2025

A Secretaría Xeral da Emigración convoca, para este ano, as Escolas Abertas, obradoiros de especialización de carácter presencial para entidades galegas do exterior.

A orde da convocatoria é a Resolución do 15 de xaneiro de 2025, da Secretaría Xeral da Emigración (DOG nº 27, do 10 de febreiro de 2025).

Prazo de presentación de solicitudes:

Desde o 11 de febreiro ao 10 de marzo de 2025.

Novas normas de presentación das solicitudes:

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado que figura como anexo I desta resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Modalidades

a) Culturais:

- Baile tradicional galego
- Canto popular e pandeireta
- Gaita tradicional galega
- Percusión tradicional galega
- Confección de traxe tradicional galego
- Cociña galega

b) Formación de persoal directivo

Entidades beneficiarias e requisitos.

Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas nesta convocatoria as entidades galegas do exterior que cumpran os seguintes requisitos:

1. Para as solicitudes para promover a cualificación do persoal docente de actividades de cultura tradicional galega ou da confección de traxe tradicional:

As entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean recoñecidas en calquera das categorías do artigo 4 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade que:

- a) Teñan constituídas escolas ou grupos consolidados da especialidade que soliciten, con actividade continuada.
- b) No caso de que as entidades, non cumprindo o establecido no parágrafo anterior, tivesen grupos constituídos nos últimos dez anos e estean no seu proceso de recuperación.

- c) Para solicitar o obradoiro de confección de traxe tradicional galego, a entidade galega deberá certificar que ten grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido como mínimo durante catro anos.

As persoas solicitantes deben ser maiores de 18 anos e menores de 65 e responsables de impartir a docencia ou formar parte do grupo de baile ou música da entidade e comprometerse a apoiar o labor docente na modalidade que corresponda, dentro da entidade solicitante.

2. Para as solicitudes de persoal responsable de cociña

Poderán ser beneficiarias desta modalidade as entidades galegas asentadas fóra de Galicia que estean inscritas nas seccións de comunidades galegas, centros colaboradores ou federacións de entidades do Rexistro da Galeguidade que contén con servizo de cociña ou comedor que ofrezca menús elaborados.

As persoas propostas deben estar traballando na cociña ou comedor da entidade galega solicitante, xa a xestionen directamente ou a teñan arrendada ou cedida a unha terceira persoa, e ter unha experiencia superior a un ano desde a data de publicación da convocatoria.

3. Para as solicitudes de formación de persoal directivo:

Poderán ser beneficiarias desta modalidade as entidades galegas inscritas no Rexistro da Galeguidade como Comunidades Galegas, Centros colaboradores ou Federacións de Entidades **que contén nas súa xuntas directivas con persoas que teñan unha idade comprendida entre os 18 e os 49 anos desde polo menos un ano desde a data do remate do prazo de presentación de solicitudes ou teñan socios/as que se comprometan a exercer apoio á súa xestión ben sexa como parte da Xunta Directiva ou como persoal voluntario colaborador durante dous anos.**

* As entidades só poderán solicitar unha candidatura por modalidade e non poderán propoñer a participación de persoas que non teñan a nacionalidade española ou que participasen no programa de Escolas Abertas máis de dúas veces nas últimas catro convocatorias, en calquera modalidade. Se así for quedarán excluídos.

Documentación:

1. Documentación xeral:

- a) Certificado de residencia fiscal emitido en 2025 polas autoridades competentes do país de residencia no suposto de entidades que non teñan a súa residencia fiscal en territorio español.
- b) Ficha de cada unha das persoas propostas pola entidade (anexo II)
- c) Documento identificativo da persoa proposta pola entidade no caso de non dispor de DNI ou NIE.
- d) Breve currículo da persoa proposta con especial referencia aos coñecementos, títulos, experiencia, etc. na materia obxecto do obradoiro.

No suposto dos obradoiros de persoal directivo con especial referencia á formación académica e a súa experiencia en xestión.

- e) Unha declaración da persoa proposta comprometéndose a investir os coñecementos adquiridos no seo da entidade durante polo menos dous anos. No

caso dos obradoiros de cociña galega, esta declaración referirase ao compromiso de incluír no menú da entidade todos ou parte dos pratos aprendidos.

2. Documentación específica para os obradoiros de baile, gaita, percusión tradicional e canto popular e pandeireta:
 - a) Unha gravación en formato dixital de uso común da modalidade solicitada, que non exceda os 4 minutos. A gravación remitida deberá ser solista.
 - b) Certificación da entidade que acredite o número de alumnos/as que compoñen a escola ou grupo de baile, gaita ou canto e percusión co que conta a entidade galega solicitante (anexo III).
3. Documentación específica para os obradoiros de confección de traxe tradicional galego:
 - a) Certificación de ter grupo de baile ou música debidamente constituído e cun funcionamento ininterrompido como mínimo durante catro anos (Anexo Iii).
 - b) Certificación da entidade na que acredite a experiencia en corte e confección de traxe tradicional galego (anexo I) e, no seu caso, copia do título de corte e confección.
4. Documentación específica para o obradoiro de cociña galega:
 - a) Certificación da entidade de que conta con servizo de cociña ou comedor (restaurante ou cafetería), que ofrece menús elaborados e de que xestiona ou de que ten arrendada ou cedida a súa xestión (anexo V).
 - b) Certificación da entidade na cal acredite a experiencia da persoa proposta como responsable na súa cociña durante, polo menos, un ano anterior á data da convocatoria (anexo II) e, de ser o caso, copia do título oficial de cociña
5. Documentación específica para o obradoiro de formación de persoal directivo:
 - a) Certificación de que a persoa proposta é socia da entidade ou forma parte da xunta directiva, segundo o caso (anexo II).
 - b) Unha gravación en formato dixital de uso común da persoa aspirante que non exceda os catro minutos na que expoña a súa formación e/ou experiencia en tarefas de xestión de entidades e as súas motivacións para participar no obradoiro.

Os datos que consten na solicitude deben coincidir cos que figuren no Rexistro da Galeguidade.

- ❖ Co fin de lograr a efectiva difusión deste programa e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade recollidos no artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, poderanse recoller experiencias e mesmo imaxes das persoas participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e tamén divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como na páxina web <https://emigracion.xunta.gal>.

Para estes efectos, a presentación da solicitude de participación implica a autorización para a publicación destas imaxes.

Para a resolución de calquera dúbida ou aclaración que necesite pode poñerse en contacto coa persoa responsable do Programa Escolas Abertas a través dos seguintes datos de contacto:

Secretaría Xeral da Emigración
Subdirección Xeral da Emigración e das Comunidades Galegas
Praza de Mazarelos, 15 - 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)
Correo electrónico: subdireccionxeral.emigracion@xunta.es
Tfno: (+34) 981 981 957 353/ 981 547 256